



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR, A UNIVERSIDADE DE VIGO e Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados e Mariscos e o Centro Técnico Nacional de Conservación de Produtos da Pesca (ANFACO-CECOPECA) PARA A REALIZACIÓN DA ACCIÓN DE INVESTIGACIÓN “ESTUDO DA BIOLOXÍA, STATUS POBOACIONAL E DIVERSIDADE XENÉTICA DA HOLOTURIA (*Holothuria forskali*) NA RÍA DE VIGO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten previsto formalizar coa Universidade de Vigo e ANFACO-CECOPECA , o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 15 de novembro de 2017 ata o 31 de agosto de 2020

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar a Universidade de Vigow ANFACO-CECOPECA para a realización da acción de investigación “Estudo da bioloxía, status poboacional e diversidade xenética da holoturia (*Holothuria forskali*) na Ría de Vigo”

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar exerce as funcións relativas á actividade investigadora e, particularmente as referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía segundo o disposto na disposición transitoria segunda do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia (DOGA nº 239) e no artigo 9.2.4 do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, que aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOGA do día 19).

Que a Universidade de Vigo como institución de servizo público, está aberta á sociedade e ten, entre outros, como fins prioritarios, fomentar a investigación e difundir a cultura no seo da sociedade. Para o mellor cumprimento dos seus fins, a Universidade de Vigo manterá relacións con centros de investigacións e con institucións culturais e sociais, e impulsará a celebración de convenios de investigación con entidades e organismos públicos e privados, así como de contratos para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico.

Que ANFACO-CECOPECA é unha asociación sen ánimo de lucro, representativa da práctica totalidade do sector conserveiro dos produtos pesqueiros que ten entre os seus fins contribuír ao beneficio xeral da sociedade e a mellora da competitividade empresarial mediante a xeración de coñecemento científico, realizando actividades de I+D+I e desenvolvendo a súa aplicación, e a prestación de servizos tecnolóxicos





Que o CIMA presentou a convocatoria restrinxida de accións de investigación sobre recursos mariños, recollida na Resolución do 12 de xaneiro de 2017 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, a acción titulada “Estudo da bioloxía, status poboacional e diversidade xenética da holoturia (*Holothuria forskali*) na Ría de Vigo”, de 3 anos de duración (2017-2020), no que se recollía a colaboración do ECIMAT da Universidade de Vigo e de ANFACO-CECOPECA para a realización de determinadas tarefas dentro da acción de investigación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

